



SI

# **Galicia, a economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia**

**Edición 2024**



AXENCIA PARA A  
MODERNIZACIÓN  
TECNOLÓXICA DE GALICIA

**Edita:** Xunta de Galicia

**Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)**

**Lugar:** Santiago de Compostela

**Ano:** 2025

Este documento distribúese baixo licencia Creative Commons Atribución

Compartir baixo a licencia 4.0 Internacional (CC BY-SA 4.0)

Dispoñible en: <https://creativecommons.org/licenses/by-sa/4.0/deed.gl>

# **Galicia. A economía en dixital. A Sociedade da Información nas empresas de Galicia**

Edición 2024

Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización  
de Galicia (OSIMGA)

**Xunta de Galicia**

Consellería de Facenda e Administración Pública

Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega)  
Santiago de Compostela  
**2025**

# ÍNDICE DE CONTIDOS

|                                                                              |           |
|------------------------------------------------------------------------------|-----------|
| <b>ÍNDICE DE CONTIDOS.....</b>                                               | <b>4</b>  |
| <b>INTRODUCCIÓN.....</b>                                                     | <b>6</b>  |
| <b>I. Caracterización do sector empresarial galego.....</b>                  | <b>9</b>  |
| <b>II. Uso das TIC e Comercio Electrónico nas empresas galegas.....</b>      | <b>14</b> |
| <b>II.I Equipamentos e conectividade.....</b>                                | <b>15</b> |
| II.I.I. Uso de Ordenadores.....                                              | 15        |
| II.I.II. Conectividad.....                                                   | 19        |
| II.I.III. Software libre.....                                                | 24        |
| II.I.IV. Acceso Remoto.....                                                  | 26        |
| <b>II.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC.....</b>               | <b>28</b> |
| <b>II.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas.....</b>    | <b>39</b> |
| II.III.I. Servizos web.....                                                  | 39        |
| II.III.II. Teletraballo.....                                                 | 41        |
| II.III.III. Medios Sociais.....                                              | 43        |
| II.III.IV. Uso, intercambio, analítica e comercio de datos.....              | 47        |
| II.III.V. Publicidade Dirixida.....                                          | 50        |
| II.III.VI. Comercio electrónico.....                                         | 52        |
| <b>II.IV. Tecnoloxías disruptivas.....</b>                                   | <b>60</b> |
| II.IV.I. Intelixencia Artificial (IA).....                                   | 60        |
| II.IV.II. Cloud Computing.....                                               | 66        |
| <b>II.V. Ciberseguridade.....</b>                                            | <b>68</b> |
| <b>II.VI. Gasto en TIC.....</b>                                              | <b>73</b> |
| <b>III. Análise Sectorial.....</b>                                           | <b>75</b> |
| <b>III.I Equipamento e conectividade.....</b>                                | <b>75</b> |
| III.I.I. Uso de Ordenadores.....                                             | 75        |
| III.I.II. Conectividad.....                                                  | 76        |
| III.I.III. Software libre.....                                               | 77        |
| III.I.IV. Acceso Remoto.....                                                 | 78        |
| <b>III.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas.....</b> | <b>79</b> |
| <b>III.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas.....</b>   | <b>81</b> |
| III.III.I. Servizos web.....                                                 | 81        |
| III.III.II. Teletraballo.....                                                | 82        |
| III.III.III. Medios Sociais.....                                             | 83        |
| III.III.IV. Uso, intercambio, analítica y comercio de datos.....             | 84        |
| III.III.V. Publicidade Dirixida.....                                         | 86        |

|                                                                              |            |
|------------------------------------------------------------------------------|------------|
| III.III.VI. Comercio electrónico.....                                        | 87         |
| <b>III.IV. Tecnoloxías disruptivas.....</b>                                  | <b>88</b>  |
| III.IV.I. Intelixencia Artificial (IA).....                                  | 88         |
| III. IV.II. Cloud Computing .....                                            | 89         |
| <b>III.V. Ciberseguridade.....</b>                                           | <b>90</b>  |
| <b>IV. Análise por provincias .....</b>                                      | <b>92</b>  |
| <b>IV.I Equipamento e Conectividade .....</b>                                | <b>92</b>  |
| IV.I.I. Uso de Ordenadores.....                                              | 92         |
| IV.I.II. Conectividade.....                                                  | 92         |
| IV.I.III. Software Libre .....                                               | 93         |
| IV.I.IV. Acceso Remoto.....                                                  | 93         |
| <b>IV.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas .....</b> | <b>94</b>  |
| <b>IV.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas.....</b>    | <b>95</b>  |
| IV.III.I. Servizos web.....                                                  | 95         |
| IV.III.II. Teletraballo.....                                                 | 96         |
| IV.III.III. Medios Sociais.....                                              | 97         |
| IV.III.IV. Uso, intercambio, analítica e comercio de datos.....              | 98         |
| IV.III.V. Publicidade Dirixida.....                                          | 100        |
| IV.III.VI. Comercio electrónico.....                                         | 101        |
| <b>IV.IV. Tecnoloxías disruptivas.....</b>                                   | <b>102</b> |
| IV.IV.I. Intelixencia Artificial (IA) .....                                  | 102        |
| IV.IV.II. Cloud Computing.....                                               | 103        |
| <b>IV.V. Ciberseguridade.....</b>                                            | <b>104</b> |
| <b>V. Conclusións .....</b>                                                  | <b>106</b> |
| <b>ANEXO: DESCRICIÓN DE CNAES 2009.....</b>                                  | <b>116</b> |

## INTRODUCCIÓN

O informe "A sociedade da información nas empresas de Galicia" actualiza o seguimento e a avaliación anual dos indicadores relativos á dixitalización do tecido empresarial galego; mide a situación e a evolución dos equipamentos e usos das novas tecnoloxías e as comunicacións nas empresas galegas.

O Observatorio da Sociedade da Información e a Modernización de Galicia (OSIMGA), adscrito á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), é o responsable de realizar este diagnóstico sobre o equipamento e uso das TIC. Este proxecto ven enmarcado dentro dos obxectivos da Estratexia Galicia Dixital 2030, en liña co "desenvolvemento do ecosistema dixital en Galicia". A EGD2030 define nese contexto numerosas actuacións enmarcadas na "dixitalización empresarial, cambios dos procesos organizativos". Moitos deses avances poden ser medidos e avaliados a través dos datos que se difunden neste informe.

O documento analiza en detalle información cuantitativa de microempresas e das empresas de 10 ou máis traballadores/as, relacionada co equipamento TIC e conectividade a Internet, xestión empresarial a través do uso de ferramentas TIC, o comercio electrónico, as características da páxina web e os crecentes fenómenos das redes sociais e as tecnoloxías disruptivas máis e innovadoras. Tamén se detén en cuestións relacionadas co teletraballo e ferramentas facilitadoras, o uso do software libre e a ciberseguridade.

Ofrécese información diferenciada para dous segmentos empresariais:

- Empresas con sede en Galicia

- Empresas con actividade en Galicia, aínda que a súa sede non se estableza na Comunidade Galega.

Este diagnóstico inclúe tamén información desagregada segundo o número de empregados/as, actividade económica e unha análise por provincias. Ademais, a fin de obter un enfoque da evolución dos indicadores e a súa repercusión e avance entre as empresas, inclúense gráficas comparativas daqueles indicadores ou variables máis significativas.

O informe actualízase con novos indicadores cada ano, segundo o vai facendo a fonte da que proveñen os datos. Nesta edición, na que o traballo de campo se realizou en 2024, debe subliñarse a inclusión ou ampliación de contidos nos apartados dedicados a Intelixencia Artificial, Teletraballo, Publicidade Online Dirixida, Comercio Electrónico, Uso, intercambio e analítica de datos, Cloud Computing e tamén a inclusión dun módulo específico sobre ciberseguridade.

### **Maior eficiencia e coordinación da actividade estatística**

O estudo elabórase no marco do convenio de colaboración, asinado entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega), o Instituto Galego de Estatística (IGE) e o Instituto Nacional de Estatística (INE) para optimizar a recollida dos datos relativos á Sociedade da Información nas empresas galegas.

O acordo de colaboración permite a OSIMGA acceder aos datos, que procedan da Enquisa de uso TIC e comercio electrónico nas empresas, que realiza o INE e son transferidos a través do IGE. Ademais, o acordo establece a ampliación dos datos que publica o INE no que se refire a:

- Ampliación de datos relativos ás microempresas galegas.
- Explotación específica realizada polo IGE de datos relativos ao uso do Comercio Electrónico nas empresas galegas.
- Obtención, a través do IGE, de datos das empresas con sede fóra de Galicia pero que desenvolven parte da súa actividade na nosa comunidade, ofrecendo datos complementarios aos que actualmente proporciona o INE.
- Desagregacións por provincias e sectores de actividade.

Con este convenio de colaboración evítase a duplicidade de enquisas, atendendo aos criterios de máxima eficiencia, eficacia e austeridade na estrutura organizativa da actividade estatística da Administración autonómica.



## I. CARACTERIZACIÓN DO SECTOR EMPRESARIAL GALEGO

No ano 2024, Galicia conta cun total de 185.554 empresas. Delas, o 95,8 % son microempresas, é dicir, teñen entre 0 e 9 persoas traballadoras, que son 177.846 entidades. Ademais, destaca o peso do sector servizos, que agrupa ao 81 % do total das empresas galegas, 150.330.

# I. Caracterización do sector empresarial galego

Este primeiro capítulo repasa as características e tendencias do tecido empresarial galego, como o seu tamaño, a actividade que desenvolven ou a condición xurídica da sociedade, tomando como fonte de información o Directorio de Empresas e unidades locais (DIRCE) do Instituto Nacional de Estatística (INE).

O total de empresas galegas durante o ano 2024 acada as 185.554 (+0,2% respecto ao 2023). A maioría das empresas galegas son microempresas (95,8 %), e teñen por tanto de 0 a 9 empregados/as.

## C.1 Empresas con sede en Galicia


(Total de Empresas)

| Total                         | 185.554 |
|-------------------------------|---------|
| Sen asalariados/as            | 96.112  |
| De 1 a 2 asalariados/as       | 55.575  |
| De 3 a 5 asalariados/as       | 18.805  |
| De 6 a 9 asalariados/as       | 7.354   |
| De 10 a 19 asalariados/as     | 4.313   |
| De 20 a 49 asalariados/as     | 2.270   |
| De 50 a 99 asalariados/as     | 630     |
| De 100 a 199 asalariados/as   | 266     |
| De 200 ou máis asalariados/as | 229     |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

## G.1. Empresas por estrato de Asalariados/as

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

Co obxectivo de simplificar a exposición da información ao longo do informe, clasifícanse as empresas segundo dous estratos de emprego: as empresas de 0 a 9 traballadores/as (o 95,8%) e as de 10 ou máis asalariados/as (4,2%).

Compararase tamén a dixitalización das empresas segundo a localización da súa sede (provincias), destacando que o 41,4% das empresas galegas teñen a súa sede na provincia da Coruña, e o 35,2% na de Pontevedra.

## C.2 Empresas con sede en Galicia

(Total de Empresas)

|            | DE 0 A 9<br>TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS | TOTAL   |
|------------|------------------------------|--------------------------------|---------|
| A CORUÑA   | 73.606                       | 3.237                          | 76.843  |
| LUGO       | 21.688                       | 822                            | 22.510  |
| OURENSE    | 20.163                       | 692                            | 20.855  |
| PONTEVEDRA | 62.389                       | 2.957                          | 65.346  |
| TOTAL      | 177.846                      | 7.708                          | 185.554 |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

## C.3 Empresas por estrato de Asalariados/as e Provincia.

(Total de Empresas con sede en Galicia)


|            | DE 0 A 9<br>TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS | TOTAL  |
|------------|------------------------------|--------------------------------|--------|
| A CORUÑA   | 39,6%                        | 1,8%                           | 41,4%  |
| LUGO       | 11,7%                        | 0,4%                           | 12,1%  |
| OURENSE    | 10,9%                        | 0,4%                           | 11,3%  |
| PONTEVEDRA | 33,6%                        | 1,6%                           | 35,2%  |
| TOTAL      | 95,8%                        | 4,2%                           | 100,0% |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

O 81% das empresas galegas dedícanse ao sector Servizos. Dentro deste sector, destacan as entidades relacionadas coas actividades de Comercio por xunto e ao retallo e a reparación de vehículos de motor e motocicletas (38.806 empresas) e tamén as actividades profesionais, científicas e técnicas (20.370 empresas).

## G.2. Sector de actividade das empresas galegas

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

## C.4 Actividade detallada das empresas con sede en Galicia


|                                                                                      |                |
|--------------------------------------------------------------------------------------|----------------|
| <b>Total</b>                                                                         | <b>185.554</b> |
| <b>INDUSTRIA</b>                                                                     | <b>10.586</b>  |
| Industria extractiva                                                                 | 140            |
| Industria manufactureira                                                             | 9.924          |
| Fornecemento de enerxía eléctrica, gas, vapor e aire acondicionado                   | 314            |
| Fornecemento de auga, actividades de saneamento, xestión de residuos e contaminación | 208            |
| <b>CONSTRUCCIÓN</b>                                                                  | <b>24.638</b>  |
| <b>SERVIZOS</b>                                                                      | <b>150.330</b> |
| Comercio por xunto e ao retallo; reparación de vehículos de motor e motocicletas     | 38.806         |
| Transporte e almacenamento                                                           | 11.560         |
| Hostalaría                                                                           | 17.070         |
| Información e comunicacións                                                          | 2.827          |
| Actividades financeiras e de seguros                                                 | 4.581          |
| Actividades inmobiliarias                                                            | 8.885          |
| Actividades profesionais, científicas e técnicas                                     | 20.370         |
| Actividades administrativas e servizos auxiliares                                    | 9.883          |
| Educación                                                                            | 7.279          |
| Actividades sanitarias e de servizos sociais                                         | 8.460          |
| Actividades artísticas, recreativas e de entretemento                                | 7.028          |
| Outros servizos                                                                      | 13.581         |

Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024

O 58,9% das empresas galegas clasifícanse como persoas físicas, a forma societaria máis frecuente, mentres que o restante 41,1% son sociedades e outras formas xurídicas.

### G.3. Condición Xurídica

(% sobre o total de empresas con sede e/ou actividade en Galicia)



Fonte: INE, Directorio central de empresas 2024



## II. USO DAS TIC E COMERCIO ELECTRÓNICO NAS EMPRESAS GALEGAS

Incrementábase nun 2,5% a porcentaxe de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e actividade en Galicia que teñen velocidade contratada maior o igual que 100 Mb/seg, pasando do 81,3% ao 83,3% das empresas no último ano. Nas microempresas, o aumento é máis destacado, cun incremento do 17,7%, pasando do 58,9% ao 69,3%.

O 81,4% das empresas galegas con 10 ou máis empregados/as con sede dispoñen de páxina web.

O 27,3% das empresas galegas con 10 ou máis empregados/as con sede e /ou actividade en Galicia pagaron por anunciarse en Internet.

## II. Uso das TIC e Comercio Electrónico nas empresas galegas

Neste capítulo abórdase o uso das Tecnoloxías da Información e a Comunicación nas empresas galegas, analizando diversos indicadores:



1. Equipamento e Conectividade




2. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC



3. Dixitalización da organización e xestión das empresas



4. Tecnoloxías chave e Disruptivas



5. Ciberseguridade



6. Gasto en TIC

Os resultados preséntanse comparándoos por volume de traballadores/as das empresas e sede para as grandes en tres categorías:

- Microempresas (de 0 a 9 traballadores/as)
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as **con sede** en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as **con sede e/ou actividade** en Galicia.


A serie temporal que se ofrece a modo de comparativa de evolución é de 4 anos, vai en xeral do ano 2021 ata o 2024.

## II.I Equipamentos e conectividade

### II.I.I. Uso de Ordenadores

No 2024, os ordenadores están presentes na práctica totalidade de empresas de 10 ou máis empregados/as e no 84,6% das microempresas, mantendo a tendencia observada nos últimos catro anos nas empresas grandes pero rachando a tendencia alcista nas pequenas.


#### G.4. Empresas que dispoñen de ordenadores



Fonte: INE (2024)

#### G.5. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados que teñen ordenadores: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)

## G.6. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados que teñen ordenadores: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)

O 72,9% do persoal das empresas de dez ou máis traballadores con actividade en Galicia emprega ordenadores con fins empresariais (+ 11% respecto ao ano anterior). As empresas de 10 ou máis traballadores con sede en Galicia, superan por primeira vez a media española neste indicador.

Nas microempresas mantéñen por riba do 70% a utilización de ordenadores. O 75% do seu persoal emprega ordenadores con fins empresariais no 2024 a pesares do descenso do último ano.

## G.7. Persoal que emprega ordenadores con fins empresariais


(% sobre o total de persoal)



Fonte: INE (2024)

## G.8. Evolución. Persoal que emprega ordenadores nas empresas de 10 ou máis empregados: Galicia e España


(% sobre o total de persoal nas empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)

## G.9. Evolución do Indicador. Persoal que emprega ordenadores nas empresas de menos de 10 traballadores: Galicia e España

(% sobre o total de persoal nas empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)

O 62,2% dos empregados/as das microempresas tiñan á súa disposición un dispositivo portátil que pode conectarse a Internet para uso empresarial, o que supón un crecemento relativo do 1,3% respecto a o ano anterior.

Tanto nas microempresas coma nas empresas con 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia, a porcentaxe de persoal ao que se lle entregou un dispositivo portátil para ter conexión móbil con fins empresariais é superior á media estatal.

**G.10. Persoal ao que se lle proporcionou un dispositivo portátil que permitía a conexión móbil a internet para uso empresarial.**


(% sobre o total de persoal)



Fonte: INE (2024)

**G.11. Evolución do indicador. Persoal cun dispositivo portátil que permitía a conexión a internet nas empresas de 10 ou máis empregados: Galicia e España.**


(% sobre o total de persoal das empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)

**G.12. Evolución do indicador. Persoal cun dispositivo portátil que permitía a conexión a internet nas empresas de menos de 10 empregados: Galicia e España**

(% sobre o total de persoal nas empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)

## II.I.II. Conectividade


A contratación de Internet no 2024, acada a práctica totalidade das empresas de 10 ou máis empregados/as, tal e como se viña observando nos últimos anos. Pola súa banda, entre as microempresas, a porcentaxe de contratación de Internet sitúase no 80,9%, cunha baixada de 4 puntos no último ano.

### G.13. Acceso a Internet contratado.




Fonte: INE (2024)

### G.14. Evolución do indicador. Empresas de 10 ou máis empregados que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España.



Fonte: INE (2024)


### G.15. Evolución do Indicador. Empresas de menos de 10 empregados que teñen acceso a Internet contratado: Galicia e España.



Fonte: INE (2024)

A conexión a internet a través de banda larga fixa mediante redes de cable ou fibra óptica continúa sendo a máis contratada polas empresas galegas con Internet fixo, tanto nas empresas de 10 ou máis empregados/as como nas microempresas.


### G.16. Tipo de conexión a Internet- Banda Larga Fixa.



Fonte: INE (2024)


Na evolución das modalidades de conexión de banda larga fixa, cabe salientar o crecemento das "Redes de cable e fibra óptica" entre as microempresas galegas. No caso do ADSL, durante os últimos anos, vemos como está decaendo o seu uso tal e como ven observándose nos últimos catro anos.

### G.17. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de banda larga fixa: Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia.



Fonte: INE (2024)

### G.18. Evolución do tipo de conexión a Internet a través de banda larga fixa: Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as.




Fonte: INE (2024)

Nas empresas de 10 ou máis empregados/as, máis do 55% dispoñen dunha velocidade contratada superior a 500 Mbps, máis do 80% superior a 100 Mbps. Nas microempresas, o 69,3% dispoñen de velocidade superior a 100Mbps e o 37% superior a 500.

### G.19. Velocidade Contratada.

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2024)

No ano 2024 incrementábase a porcentaxe de empresas de 10 ou máis empregados con sede en Galicia e velocidade contratada maior ou igual que 100 Mb/seg nun 2,6% , pasando do 81,3% ao **83,4%**.

O aumento da velocidade contratada segue a ser notorio nas microempresas. No último ano aumenta nun 17,7% a porcentaxe de microempresas que teñen velocidades de máis de 100 Mbps/seg, ao pasar do 58,9% a o 69,3%.

## G.20. Velocidade de conexión a internet contratada:. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia.


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con sede e actividade en Galicia conexión a Internet e banda larga fixa)



Fonte: INE (2024)

## G.21. Velocidade de conexión a internet contratada:. Evolución. Empresas de 0 a 9 empregados/as.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet e banda larga fixa)




Fonte: INE (2024)

Respecto da contratación da Banda Larga móbil, cabe destacar o seu crecemento sostido nos últimos anos, acadando porcentaxes por riba do 83% nas micro e nas grandes empresas.

## G.22. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior.


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

## G.23. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España.


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

## G.24. Empresas con acceso a Internet por banda larga móbil 3G ou superior. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## II.I.III. Software libre


No último ano crece a presenza do software libre nas grandes empresas galegas. Máis do 85% das empresas de 10 ou máis traballadores en Galicia fan uso dalgún tipo de software de código aberto. No caso das microempresas esta porcentaxe consegue superar o 67% do total de empresas, cun lixeiro descenso, de pouco máis de dous puntos.

### G.25. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto.



Fonte: INE (2024)


### G.26. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto. Empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España.



Fonte: INE (2024)

## G.27. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto. Empresas de 0 a 9 empregados/as: Galicia e España.

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)

Os navegadores da Internet, as aplicacións ofimáticas e os sistemas operativos son as tipoloxías de software libre máis comúns e máis utilizadas polas empresas galegas, tanto entre as microempresas como nas empresas de 10 ou máis empregados/as.

## G.28. Tipoloxía de software aberto.

(% sobre o total de empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto)




Fonte: INE (2024)

## II.I.IV. Acceso Remoto


A porcentaxe de grandes empresas con actividade en Galicia que realizan reunións remotas é superior á media estatal. Concretamente, un 66,8% destas compañías afirman empregar internet para levar a cabo reunións, fronte ao 58,9% das súas homólogas a nivel estatal. Porén, esta tendencia invértese no caso das microempresas, onde a implantación das reunións remotas en Galicia resulta inferior á do conxunto do Estado.

### G.29. Empresas de 10 ou máis empregados/as que levan a cabo reunións remotas a través de Internet: Galicia e España.



Fonte: INE (2024)

### G.30. Empresas de menos de 10 empregados/as que levan a cabo reunións remotas a través de Internet: Galicia e España.




Fonte: INE (2024)

Entre as empresas con conexión a internet, o acceso remoto ao correo electrónico é case universal en todas as empresas de 10 ou máis empregados e supera o 55% nas microempresas.

Máis do 70% das empresas con 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia ten acceso remoto a documentos e aplicacións da empresa, superando a media estatal. Nas microempresas, o persoal con acceso a documentos e aplicacións é algo inferior no caso galego que no do estado.

### G.31. Empresas de 10 ou máis empregados/as por tipo de acceso remoto do persoal: Galicia e España.


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G.32. Empresas de menos de 10 empregados/as por tipo de acceso remoto do persoal: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## II.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC


No 2024, unha de cada cinco empresas de 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia contan con especialistas TIC. No caso das microempresas, a súa presenza é moito menor, pero en termos similares aos valores que rexistra o resto do Estado e mantendo a tendencia observada nos últimos anos.

### G.33. Empresas que empregan especialistas TIC.




Fonte: INE (2024)

### G.34. Evolución do indicador. Empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)


### G. 35. Evolución do indicador. Empresas de menos de 10 empregados/as que empregan especialistas TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)

En canto ao tipo de especialista TIC que empregan as empresas, os expertos en datos destacan sobre o resto de categorías. O 10,7% das empresas de 10 ou máis traballadores e sede en Galicia empregan a este tipo de especialistas, o 17,3% das que teñen actividade en Galicia.

### G. 36. Empresas que empregan especialistas TIC (tipoloxía)



Fonte: INE (2024)


A proporción de mulleres especialistas TIC nas empresas galegas de máis de 10 empregados mantense estable no 2024. O 52,5% das empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con sede e/ou actividade en Galicia que contan con perfís TIC, empregan mulleres especialistas TIC.

No caso das microempresas, a contratación de mulleres especialistas TIC acada un 44,9%, rexistrando un incremento relativo do 136,3% dende o último ano, retomando así a tendencia alcista rexistrada no 2022.

Nas empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan perfís TIC con sede en Galicia, a contratación de mulleres especialistas TIC supera o 44%. e superan así notablemente a media estatal.

### G. 37. Empresas con mulleres especialistas TIC


(% sobre o total de empresas que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2024)

### G. 38. Evolución do indicador. Empresas de 10 ou máis empregados/as con mulleres especialistas TIC: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2024)

### G. 39. Evolución do indicador. Empresas de menos de 10 empregados/as con mulleres especialistas TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as que empregan especialistas TIC)




Fonte: INE (2024)

Por outra banda, ao igual que ocorría no 2023, a porcentaxe de persoal especialista TIC sobre o total de persoal non chega ao 6%, tanto nas pequenas empresas como naquelas que teñen máis de 10 traballadores.

Nas microempresas galegas, un 27,3% do persoal especialista TIC está composto por mulleres, sendo a cifra de persoal feminino máis alta entre os diferentes estratos empresariais. No 38,9% de microempresas con mulleres tecnólogas, máis da metade do persoal TIC é muller.

#### G. 40. Persoal especialista TIC


(% sobre o total de persoal)



Fonte: INE (2024)

#### G. 41. Mulleres especialistas TIC


(% sobre o total de especialitas TIC)



Fonte: INE (2024)

#### G. 42. Porcentaxe de mulleres especialistas TIC


(% sobre o total de empresas que empregan especialistas TIC)



Fonte: INE (2024)

Entre o persoal especialista destacan tanto nas microempresas como nas empresas de 10 ou máis empregados o persoal especialista TIC en datos.


### G. 43. Persoal especialista TIC (tipoloxía)



- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia

Fonte: INE (2024)

### G. 44. Mulleres especialistas TIC (tipoloxía)



- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia


Fonte: INE (2024)

Case un 13% das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia contrataron (ou tiveron a intención de facelo) a persoal especialista en TIC.

No 2024, incrementábase nun 26,3% a intención contratación de persoal especialistas TIC nas empresas de 0 a 9 empregados, pasando do 1,9% ao 2,4%.


Os indicadores amosan que a contratación é maior no nivel estatal, tanto nas empresas de 10 ou máis empregados como nas microempresas.

#### G. 45. Empresas que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC




Fonte: INE (2024)

#### G. 46. Evolución do indicador. Empresas de 10 ou máis empregados/as que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)


#### G. 47. Evolución do indicador. Empresas de menos de 10 empregados/as que contrataron ou tentaron contratar especialistas en TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)


O 6,4% das empresas con 10 ou máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC fronte ao 4,3% da media estatal.

#### G. 48. Empresas que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC




Fonte: INE (2024)

#### G. 49. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)

#### G. 50. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as que tiveron dificultade para cubrir algunha vacante de especialista en TIC: Galicia e España




Fonte: INE (2024)

A principal dificultade que se atopan as microempresas galegas para cubrir postos de traballo de especialistas TIC é a falta de experiencia laboral adecuada en TIC dos solicitantes. Todas as microempresas que tentaron contratar especialistas TIC atópanse con esta barreira, que é seguida da falta de solicitudes ou das expectativas salariais dos solicitantes.

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia, as expectativas salariais, a falta de experiencia laboral adecuada en TIC, e a falta de solicitudes son tamén as barreiras máis mencionadas.

### G. 51. Dificultades para cubrir algunha vacante de especialista en TIC


(% sobre o total de empresas con dificultades para cubrir algunha vacante de especialistas en TIC)



Fonte: INE (2024)


O 26,4% das empresas de 10 ou máis empregados/as con sede ou actividade en Galicia proporcionaron accións formativas TIC ao seu persoal.

### G. 52. Actividades formativas TIC aos seus empregados /as




Fonte: INE (2024)

### G. 53. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados /as. Comparación Galicia e España



Fonte: INE (2023)

### G. 54. Evolución do Indicador. Empresas de menos de 10 empregados/as que proporcionaron actividades formativas TIC aos seus empregados /as: Galicia e España




Fonte: INE (2024)

As actividades formativas foron facilitadas en maior medida a persoal que non se dedica especificamente a tarefas TIC. Nas empresas de 10 e máis asalariados/as con sede ou actividade en Galicia é nas que é máis habitual que reciba formación o persoal especialista en TIC.

### G. 55. Actividades formativas: detalle por tipo de persoal que recibiu a formación

(% sobre o total de empresas que proporcionaron actividades formativas)




Fonte: INE (2024)

No 2024, as funcións/tarefas TIC dentro das empresas galegas tanto as de máis de 10 empregados coma as microempresas foron desempeñadas principalmente por provedores externos.

### G. 56. Tipo de persoal que desempeña as labores TIC

(% sobre o total de empresas)



- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 0 a 9 traballadores/as con sede en Galicia

Fonte: INE (2024)

## II.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas


### II.III.I. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web, tanto nas empresas galegas como nas estatais incrementábase notablemente no último ano. Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia teñen web propia o 81,4% e a media estatal é do 81,8%.

Nas empresas de 0 a 9 empregados incrementáronse nun 31,6% as empresas que teñen páxina web. No 2024, o 31,2% das microempresas dispoñen de páxina web fronte ao 23,7% que o dispoñía no ano anterior.

#### G. 57. Dispoñibilidade de Páxina Web


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

#### G. 58. Evolución. Páxina Web nas empresas de 10 ou máis empregados/as: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

#### G. 59. Evolución. Páxina Web nas empresas de menos de 10 empregados/aa: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

A descrición de bens ou servizos que ofrecen está en máis do 80% das webs de empresas galegas, tanto pequenas como grandes.

### G. 60. Servizos dispoñibles na páxina web

(% sobre o total de empresas con páxina web)




Fonte: INE (2024)

## II.III.II. Teletraballo


Durante 2024, o teletraballo recupérase claramente nas empresas galegas e estatais. Mentres que no ano 2021 máis da metade (53,6%) das empresas de máis de 10 traballadores con actividade ou sede en Galicia permitían a realización de teletraballo, reduciuse nos dous seguintes, volvendo a subir ata o 40,6% en 2024. O resto de categorías, con menor incidencia do teletraballo, presentan tendencia similares.

### G. 61. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as




Fonte: INE (2024)

### G. 62. Empresas de 10 ou máis empregados/as que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España



Fonte: INE (2024)

### G. 63. Empresas de menos de 10 empregados/as que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as: Galicia e España




Fonte: INE (2024)

Das empresas de 10 ou máis traballadores con actividade en Galicia que permiten o teletraballo, a porcentaxe do plantel que o fai regularmente é o 24,4%, +4,7% respecto a o 2023. As subidas respecto en 2024 son leves, tanto nas empresas grandes como nas pequenas.

#### G. 64. Empregados/as que teletraballan regularmente


(% sobre o total de persoal do total de empresas)



Fonte: INE (2024)

#### G. 65. Empregados/as que teletraballan regularmente nas empresas de máis de 10 empregados/as: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis traballadores que permiten o teletraballo)



Fonte: INE (2024)

#### G. 66. Empregados/as que teletraballan regularmente nas empresas de menos de 10 traballadores: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as que permiten o teletraballo)



Fonte: INE (2024)

#### C.5 Número medio de días por semana no que os empregados/as teletraballan

|                          | De 0 a 9 traballadores/as | 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia | 10 ou máis traballadores/as con sede ou actividade en Galicia |
|--------------------------|---------------------------|-------------------------------------------------|---------------------------------------------------------------|
| Media de días por semana | 2,9                       | 2,2                                             | 2,1                                                           |

Fonte: INE (2023)


## II.III.III. Medios Sociais

Considerando como medios sociais ao conxunto das redes sociais, blogs ou microblogs, plataformas para compartir contidos e interactuar, así como outras ferramentas baseadas en tecnoloxía wiki; no ano 2024 a tendencia segue á baixa entre as empresas con máis de 10 empregados e recupérase nas de 0 a 9, sen chegar a recuperar o uso que había en 2022.

En Galicia, o uso dos medios sociais acada o 31,1% nas empresas de entre 0 e 9 traballadores/as, e nas compañías con 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia sitúase no 64,3%.

### G. 67. Medios sociais


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 68. Evolución. Empresas de máis de 10 empregados/as que utilizaron medios sociais: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 69. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as que utilizaron medios sociais: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

As redes sociais máis empregadas polas empresas galegas que acceden aos medios sociais son Facebook, LinkedIn, X (twitter) e Instagram, entre outras. Estas plataformas consolidáronse como as principais ferramentas de comunicación e relación co cliente no ámbito empresarial galego.


No caso das empresas con 10 ou máis empregados/as con actividade en Galicia, a utilización destas redes sociais acada un 93,4%, situándose por riba da media estatal. Este dato reforza o papel destas plataformas como instrumentos estratéxicos para a interacción co público e o fortalecemento da presenza dixital das empresas na comunidade galega.

Pola súa parte, as microempresas (empresas con menos de 10 traballadores/as) que dispoñen de presenza en redes sociais utilizan estas plataformas nun 88,5% dos casos, evidenciando tamén unha alta penetración e relevancia das redes sociais incluso nos segmentos empresariais de menor tamaño.

Estes datos reflicten a consolidación do uso das redes sociais no tecido empresarial galego, especialmente nas empresas medianas e grandes, que lideran a transformación dixital a través destas ferramentas de comunicación e márketing.

### G. 70. Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Twitter...)


(% sobre o total de empresas que usan medios sociais)



Fonte: INE (2024)

**G. 71. Evolución do Indicador. Empresas de 10 ou máis empregados/as que utilizaron Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Twitter...): Galicia e España**


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as que usan medios sociais)



Fonte: INE (2024)

**G. 72. Evolución do Indicador. Empresas de menos de 10 empregados/as que utilizaron Redes sociais (Facebook, LinkedIn, Twitter...): Galicia e España**

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as que usan medios sociais)




Fonte: INE (2024)

Os sitios web onde se comparten contidos multimedia —como vídeos ou imaxes— seguen gañando popularidade entre as empresas galegas. No 2024, un 60,6% das empresas con 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia, e un 59,4% das microempresas (con menos de 10 empregados/as), xa utilizan este tipo de redes sociais. Estas cifras supoñen un importante crecemento respecto ao ano anterior: un 10,4% máis no caso das empresas medianas e grandes con actividade en Galicia, e un destacado 35,3% máis entre as microempresas.

### G. 73. Emprego doutros medios sociais

(%sobre o total de empresas que usan medios sociais)



- Empresas de 0 a 9 traballadores / as con sede en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede en Galicia
- Empresas de 10 ou máis traballadores/as con sede e/ou actividade en Galicia


Fonte: INE (2024)

## II.III.IV. Uso, intercambio, analítica e comercio de datos

No 2024, só o 34,4% das empresas de 10 ou máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia realiza analítica de datos por parte dos seus propios empregados e a maioría dos datos analizados son sobre rexistros ou transaccións.

### G. 74. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 75. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 76. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

## G.77. Tipoloxía de analítica de datos que realizan as empresas por parte dos seus propios empregados

(% sobre o total de empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados)




Fonte: INE (2024)

No 2024, entre as empresas de 10 ou máis empregados, crece a porcentaxe de empresas para as que realiza analítica de datos un terceiro. No caso das empresas de 10 ou máis empregados con sede ou actividade en Galicia é o 20,8%, o que supón un crecemento do 28,4% respecto ao ano anterior.

## G.78. Empresas que realizan analítica de datos por un terceiro


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)ok

### G. 79. Evolución. Empresas de 10 ou máis traballadores/as que realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 80. Evolución do Indicador. Empresas de menos de 10 traballadores/as que realizan analítica de datos por un terceiro: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## II.III.V. Publicidade Dirixida

Durante o ano 2024, o 27,3% das empresas de 10 ou máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia pagaron por anunciarse en Internet, mentres que só o 10,7% das microempresas requiriron ese servizo, manténdose a tendencia atopada no ano anterior.

### G. 81. Empresas que pagan por anunciarse na Internet


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 82. Evolución. Empresas de 10 ou máis traballadores/as que pagan por anunciarse na Internet


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados /as con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 83. Evolución. Empresas de menos de 10 traballadores/as que pagan por anunciarse na Internet

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados /as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

Máis do 20% das empresas de 10 ou máis traballadores, entre as empresas que pagaron por anunciarse por Internet, utilizan métodos de publicidade dirixida, sendo os máis comúns os métodos baseados en contidos de palabras claves utilizadas polos usuarios, seguidos de o rastrexo das actividades pasadas ou no perfil de usuarios da internet.

#### G. 84. Empresas que pagan por anunciarse na internet usando métodos de publicidade dirixida


(% sobre o total de empresas que pagan por anunciarse en Internet)



Fonte: INE (2024)

#### G. 85. Métodos de publicidade dirixida

(% sobre o total de empresas que pagan por anunciarse en internet)




Fonte: INE (2024)

## II.III.VI. Comercio electrónico

O 36,5% das empresas galegas con 10 ou máis empregados/as e con sede ou actividade en Galicia fixeron compras a través de Internet, o que representa un incremento do 5,8% en comparación co ano anterior.


No caso das microempresas galegas, o 18,3% realizou compras en liña, fronte ao 16,1% que o fixo en 2022, o que supón un aumento do 13,7% nestes dous últimos anos e mantendo así cifras similares ás do ano anterior.

### G. 86. Compras por Internet no último ano




Fonte: INE (2024)

### G. 87. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as que compraron a través de Internet no último ano: Galicia e España



Fonte: INE (2024)

### G. 88. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as que compraron a través de Internet no último ano: Galicia e España




Fonte: INE (2024)

No 2024, as cifras de vendas mediante comercio electrónico mantéñense en porcentaxes moi similares ás do ano anterior. O cambio máis destacable é o aumento na porcentaxe con vendas das empresas de 0 a 9 empregados, que pasa dun 11,8% a un 12,5% (+5,9%).

### G. 89. Vendas por Internet no último ano


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

### G. 90. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024)

### G. 91. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as que venderon a través de Internet no último ano. Comparación Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)



Fonte: INE (2024)


As vendas por comercio electrónico nas empresas galegas superan o 50% das vendas totais da empresa só no 4,6% das microempresas. Datos bastante similares aos das grandes empresas.

### G. 92. Datos sobre vendas por comercio electrónico



Fonte: INE (2024)

### G. 93. Datos sobre vendas mediante comercio electrónico en función do total de vendas



Fonte: INE (2024)


### C.6 Vendas mediante comercio electrónico en miles de €

|                                         | DE 0 A 9<br>TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS CON<br>SEDE EN GALICIA | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS CON<br>SEDE OU ACTIVIDADE EN<br>GALICIA |
|-----------------------------------------|------------------------------|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| Vendas mediante<br>comercio electrónico | 588.955,1                    | 12.344.720,50                                         | 124.165.427,9                                                          |

Fonte: INE (2024)

Máis do 23% das empresas de 10 ou máis empregados/as realizou vendas por web *marketplace* no 2024.


### G. 94. Vendas mediante páxinas web *marketplace*



Fonte: INE (2024)


Ao 22,1% das empresas de 10 ou máis traballadores con sede ou actividade en Galicia que venden por webs *marketplace*, esta canle supónlle máis do 50% das vendas totais.

### G. 95. Porcentaxe das vendas mediante páxinas web ou apps *marketplace*



Fonte: INE (2024)

### G. 96. Vendas mediante páxinas web ou apps en función do total de vendas



Fonte: INE (2024)


### C.7 Vendas mediante páxinas web en miles de €

|                             | DE 0 A 9<br>TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS<br>CON SEDE EN GALICIA | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS CON<br>SEDE OU ACTIVIDADE EN<br>GALICIA |
|-----------------------------|------------------------------|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| Vendas mediante páxinas web | 1.792.076,0                  | 27.535.718,9                                          | 313.096.527,7                                                          |

Fonte: INE (2024)

**G. 97. Empresas que reciben pedidos e reservas**

(% sobre o total de empresas que venden por comercio electrónico mediante webs ou apps)




Fonte: INE (2024)

Máis do 80% das empresas de 10 ou máis traballadores/as que venden mediante páxinas web fano a través das páxinas webs ou apps. No caso das vendas a través de marketplace ou plataformas dixitais esta porcentaxe é bastante inferior, sendo o caso das empresas de 0 a 9 empregados as que presentan unha maior presenza de pedidos a través de marketplace, nun 35,5%.

**G. 98. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a natureza do comprador**

(% sobre o total de empresas de comercio electrónico realizadas mediante webs ou apps)




Fonte: INE (2024)

Os compradores nas páxinas webs das empresas galegas son sobre todo fogares ou particulares. Son maioría en todas as clases de empresa.

## G. 99. Distribución de vendas mediante páxinas web segundo a natureza do comprador


(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas mediante web ou apps)



Fonte: INE (2024)

## G. 100. Vendas mediante mensaxes tipo EDI


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)


## G. 101. Proporción das vendas mediante mensaxes tipo EDI

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

## G. 102. Porcentaxe de vendas mediante mensaxes tipo EDI




Fonte: INE (2024)

## C.8 Vendas mediante mensaxes tipo EDI

|                                   | DE 0 A 9<br>TRABALLADORES/AS | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS CON<br>SEDE EN GALICIA | 10 OU MÁIS<br>TRABALLADORES/AS CON<br>SEDE OU ACTIVIDADE EN<br>GALICIA |
|-----------------------------------|------------------------------|-------------------------------------------------------|------------------------------------------------------------------------|
| Vendas mediante mensaxes tipo EDI | 15.600,3                     | 7.922.421,10                                          | 65.385.545,3                                                           |

Fonte: INE (2024)


## G. 103.. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo a área xeográfica



Fonte: INE (2024)

## G. 104.. Distribución de vendas mediante mensaxes tipo EDI segundo natureza do comprador

(% sobre o total de vendas de comercio electrónico realizadas mediante mensaxes tipo EDI)



Fonte: INE (2024)

## II.IV. Tecnoloxías disruptivas


### II.IV.I. Intelixencia Artificial (IA)

No ano 2024, en Galicia o 13,1% das empresas con 10 ou máis traballadores/as que teñen sede ou desenvolven actividade nesta Comunidade fan uso da Intelixencia Artificial, superando en 3,5 puntos porcentuais a media estatal. Pola contra, nas empresas con menos de 10 empregados/as, o uso desta tecnoloxía non chega ao 6%, pero é moi parella ao indicador estatal.

Entre 2023 e 2024, o uso da Intelixencia Artificial nas pequenas empresas galegas experimentou un incremento notable, pasando do 2,2% ao 5,3%.

#### G. 105. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA)


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

#### G. 106. Empresas de 10 ou máis traballadores/as que empregan IA: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2023)

#### G. 107. Empresas de menos de 10 traballadores/as que empregan IA: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024)

Das empresas que utilizan IA, as solucións ou clases de IA máis empregadas polas empresas con 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia son o análise de datos mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis demandada é *conversión de linguaxe falada en formato lexible para a máquina*.

Deben relativizarse os datos das empresas pequenas, xa que as porcentaxes refírense soamente a ese 5,3% que usa IA.

### G.108. Solucións de IA nas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

Os usos ou funcións que lles dan á IA, os ámbitos nos que actúan máis habituais nas empresas con 10 ou máis traballadores/as son os relacionados coa seguridade das TIC, as actividades de I+D, ou procesos de produción, mentres que entre as microempresas que utilizan IA, a solución máis empregada é a xestión contable, de control ou financeira.

### G.109. Usos da IA nas empresas

(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

En canto á forma en que acceden e utilizan esa IA, entre as empresas galegas que fan uso da Intelixencia Artificial, unha proporción significativa opta por solucións comerciais xa desenvolvidas. No caso das empresas con 10 ou máis empregados/as, máis do 45% adquiriron paquetes de IA listos para usar. Esta tendencia é aínda máis acusada nas microempresas (menos de 10 empregados/as), onde a porcentaxe alcanza o 53,7%.

Estes datos suxiren unha preferencia xeneralizada, especialmente nas empresas de menor tamaño, por solucións de IA preconfiguradas que non requiren desenvolvemento interno, o que podería estar relacionado con limitacións de capacidade técnica ou recursos avanzados.

### G.110. Tipoloxía de paquetes de intelixencia artificial nas empresas


(% sobre o total de empresas que utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

A adopción de IA por parte das empresas é aínda incipiente, o que se traduce no feito de que só 2,4% das microempresas considerasen adquirir algunha tecnoloxía de IA, e arredor do 6% das empresas de 10 ou máis traballadores/as contemplaran esta posibilidade. As tendencias non están aínda moi claras neste indicador.


### G.111. Empresas que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial



### G.112. Evolución do indicador. Empresas de 10 ou máis empregados/as que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial




### G.113. Evolución do indicador. Empresas de menos de 10 empregados/as que consideraron adquirir algunha tecnoloxía de Intelixencia artificial



O principal motivo polo que non se utiliza IA nas empresas galegas é a falta de coñecemento desta tecnoloxía. Despois deste factor, nas grandes empresas frean o seu uso por factores relacionados coa calidade e protección dos datos. Nas pequenas, séguelle case á par os custos e falta de claridade sobre consecuencias legais.

### G.114. Empresas que non usan IA: Motivos para non utilizar IA

(% sobre o total de empresas que non utilizan tecnoloxías de Intelixencia artificial)




Fonte: INE (2024)

## II.IV.II. Cloud Computing

No 2024, a compra de servizos de Cloud Computing aumentaron nun 16,5% nas empresas de 10 ou máis empregados con sede e/ou actividade en Galicia, acadando o 36,1% e superando a media estatal (31,7%). Nas microempresas a compra destes servizos acada o 6,1%.

### G.115. Compra de Servizos de Cloud Computing


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### G. 116. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados/as que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as e con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario

### G. 117. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as que compraron servizos de Cloud Computing: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as e con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

No hai datos para o ano 2022 debido a cambios no cuestionario


Nas empresas con 10 ou máis persoas asalariadas de Galicia que adquiriron servizos de Cloud Computing, os máis utilizados son os de correo electrónico, presentes en máis do 89% das

adquisicións, seguidos polas solucións de almacenamento de ficheiros, empregadas por máis do 80% das empresas.

Pola súa parte, nas empresas de menor tamaño, as solucións máis destacadas de Cloud Computing son o almacenamento de ficheiros (92,7%), o correo electrónico (73%) e os servidores de bases de datos empresariais (69,2%).

### G. 118. Solucións de Cloud Computing: desglose

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet que compraron algún servizo de Cloud Computing)



Fonte: INE (2024)


## II.V. Ciberseguridade

O uso de medidas de ciberseguridade continúa a ser máis habitual nas grandes empresas que nas microempresas galegas. No ano 2024 mantense arredor do 90% nas primeiras, ao crecer respecto a 2022 pero case o mesmo dato que en 2021.

En cambio, as empresas pequenas galegas manteñen a tendencia descendente no uso da ciberseguridade que xa se observou en 2022, quedando no 51%.

### G. 119. Empresas con medidas de seguridade TIC


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

### G. 120. Evolución. Empresas de 10 ou máis empregados con medidas de seguridade TIC: Galicia e España


(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as)



Fonte: INE (2024) No hai datos para o ano 2023 debido a cambios no cuestionario

### G. 121. Evolución. Empresas de menos de 10 empregados/as con medidas de seguridade TIC: Galicia e España

(% sobre o total de empresas de 0 a 9 empregados/as)




Fonte: INE (2024) No hai datos para o ano 2023 debido a cambios no cuestionario

As medidas de seguridade TIC empregadas con maior frecuencia polas empresas galegas, tanto as grandes como as pequenas, son autenticación mediante contrasinal forte, seguida da copia de seguridade de datos nunha localización separada e en terceiro lugar control de acceso á rede.

### G. 122. Tipoloxía de Medidas de Seguridade

(% sobre o total de empresas que empregan algunha medida de seguridade TIC)




Fonte: INE (2024)

Un 19,7% das empresas de máis de 10 traballadores con sede ou actividade en Galicia tivo algún incidente de seguridade TIC. O incidente máis repetido nestas empresas son a falta de dispoñibilidade dos servizos TIC por fallos no software e hardware; en menor medida destacan os incidentes debidos a ataques exteriores.


No caso das microempresas, destaca tamén a destrución ou corrupción de datos por fallos de hardware ou software.

### G. 123. Empresas con algún incidente de seguridade TIC




Fonte: INE (2024)

### G. 124. Empresas de 10 ou máis traballadores/as con algún incidente de seguridade TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)


## G. 125. Empresas de menos de 10 traballadores con algún incidente de seguridade TIC: Galicia e España



Fonte: INE (2024)


Máis do 58% das empresas de 10 ou máis empregados que aplican medidas de seguridade TIC fan que os seus empregados coñezan as súas obrigas en materia de seguridade. O principal medio é a formación voluntaria.

## G. 126. Empresas que fan que todos os seus empregados coñezan as súas obrigas en materia de seguridade



Fonte: INE (2024)


## G. 127. Medios polos que as empresas que fan que todos seus empregados coñezan as súas obrigacións en materia de seguridade



Fonte: INE (2024)

## G. 128. Empresas que posúen documentos sobre as medidas, prácticas ou procedementos en seguridade TIC


(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

## G. 129. Empresas que definiron ou realizaron a última revisión dos seus documentos sobre medidas, prácticas ou procedementos de seguridade TIC

(% sobre o total de empresas que poseen documentos sobre seguridade TIC)



Fonte: INE (2024)


## II.VI. Gasto en TIC

Durante o ano 2023, tanto as microempresas e coma as empresas de 10 e máis empregados/as, destina máis orzamento TIC ao gasto en seguridade. Nas primeiras, o gasto supera os 51 millóns, mentres que o gasto en ciberseguridade nas empresas de 10 ou máis traballadores/as con actividade en Galicia superan os 859 millóns.

O gasto en Intelixencia Artificial é maior nas grandes empresas que nas microempresas galegas.

### G. 130. Gasto en TIC das empresas durante o ano 2023

(Miles de euros sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

Nota: os gastos en materia de seguridade (ferramentas, medidas, persoal da empresa e equipos destinados a controlar a seguridade informática da entidade)



### III. ANÁLISE SECTORIAL

En 2024, preto do 60% das grandes empresas de todos os sectores usan medios sociais, o que reflicte unha adopción ampla e uniforme destas ferramentas.

As empresas galegas do sector Servizos e Industriais con máis de 10 empregados/as son as que máis utilizaron intelixencia artificial no último ano, liderando tamén o seu uso entre as microempresas.

Unha de cada tres empresas do sector Servizos con 10 ou máis empregados/as vende por Internet, mentres que entre as microempresas destacan as do sector Industrial, cun 21,5%.

### III. Análise Sectorial


Este capítulo céntrase na análise dos indicadores expostos dende a perspectiva do sector de actividade das empresas.

#### III.I Equipamento e conectividade

##### III.I.I. Uso de Ordenadores

A dispoñibilidade de ordenadores está xeneralizada entre as empresas galegas de 10 ou máis empregados/as, é case total. As microempresas superan o 79% en todos os sectores.

###### G. 131. Empresas que dispoñen de ordenadores segundo a actividade




Fonte: INE (2024)

## III.I.II. Conectividade

A contratación da Internet, nas microempresas oscila entre o 76,2% do sector da Construción e o 85,5% do sector Industrial. No caso das grandes empresas, a contratación de Internet acada a práctica totalidade en todos os sectores.

### G. 132. Empresas que dispoñen de conexión a Internet segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

En canto á velocidade contratada, independentemente do tamaño das empresas, as pertencentes ao sector Industrial son as que, en maior medida, dispoñen dunha velocidade de conexión a Internet superior a 100 Mb/seg. No caso das microempresas, o 74,2% supera os 100 Mb/seg. e nas grandes empresas o indicador sitúase no 83,5% para as que teñen sede en Galicia e no 84,8% para as que teñen sede e/ou actividade en Galicia.

### G. 133. Velocidade de conexión contratada segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### III.I.III. Software libre


No ano 2024, o uso de software de licenza libre presenta unha ampla implantación no tecido empresarial galego, especialmente entre as empresas de maior tamaño.

Entre as empresas con sede e/ou actividade en Galicia e con 10 ou máis traballadores, a implantación deste tipo de software supera o 80% en todos os sectores de actividade, o que indica unha alta adopción de solucións abertas por parte de empresas medianas e grandes.

No caso das microempresas, a porcentaxe de empresas que utilizan algunha tipoloxía de software libre é inferior, pero supera o 67% en todos os sectores agás no sector servizos, onde o uso de software de licenza libre cae ao 55%.

#### G. 134. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software aberto segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)

### III.I.IV. Acceso Remoto


En 2024, o sector servizos destaca claramente polo uso de sistemas de reunións remotas, tanto nas grandes empresas como nas microempresas.

As empresas de 10 ou máis empregados do sector servizos con sede e/ou actividade en Galicia son as que máis empregan esta modalidade, cun 70,3% facendo uso habitual de sistemas de reunión a distancia.

Entre as microempresas, a adopción de reunións remotas é notablemente inferior, aínda que o sector servizos continúa liderando, cun 24,1% das microempresas realizando este tipo de actividades.

#### G. 135. Empresas que que levan a cabo reunións remotas a través de Internet segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

## III.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas

As empresas de 10 ou máis traballadores/as do sector Servizos e Industrial son, ao igual que nas pasadas edicións, as que máis empregan especialistas TIC.

### G. 136. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

As empresas do sector Servizos son as que proporcionan, en maior medida, actividades formativas TIC aos seus empregados/as, aínda que as diferenzas por sectores son pequenas neste caso.

### G. 137. Actividades formativas TIC aos seus empregados/as segundo a actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

A análise detallada segundo a CNAE para as empresas de 10 ou máis empregados/as mostra que as actividades empresariais onde se desenvolveron accións formativas TIC en maior medida, foron as relacionadas cos sectores de contidos (53,1%), sectores TIC (49,9%) e o da Información e Comunicación (49,4%).

### G. 138. Actividades formativas TIC aos seus empregados/as segundo CNAE

(% sobre o total de empresas de 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia)



Fonte: INE (2024)

Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.


### III.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas

#### III.III.I. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web é bastante parella ao comparar os distintos sectores de actividade nas empresas de 10 ou máis empregados/as, superando sempre o 78%. Nas microempresas o indicador diminúe pero sitúase por riba do 30%, a excepción do sector da construción ,onde só o 20,4% das empresas de 0 a 9 empregados/as dispoñen de páxina web no 2024.

##### G. 139. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

Nas empresas galegas de 10 ou máis empregados/as hai, por subsectores, valores moi dispares de dispoñibilidade de páxina web, oscilando dende valores superiores ao 90% a outros por debaixo do 70%.

##### G. 140. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo o CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis empregados / as e conexión a Internet)




Fonte: INE (2024) Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.

### III.III.II. Teletraballo


No 2024, a maior presenza de teletraballo mantense nas grandes empresas do sector servizos con sede ou actividade en Galicia (46,5%; + 15,1% respecto ao ano anterior) e non chega ao 16% en ningún dos sectores entre as empresas de menos de dez traballadores/as.

#### G. 141. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo actividade



Entre as grandes empresas, destacan as do sector da Información e comunicación e o sector TIC, onde máis do 90% permiten o teletraballo. O sector contidos, queda no 88%.

#### G. 142. Empresas que permiten a realización de teletraballo por parte dos seus empregados/as segundo o CNAE.



Fonte: INE (2024) Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística.


### III.III.III. Medios Sociais

No 2024, nas grandes empresas o uso dos medios sociais alcanza preto do 60% en todos os sectores, o que indica unha adopción ampla e relativamente homoxénea destas ferramentas para comunicación, márketing, atención ao cliente, etc.

Nas microempresas, só os sectores de Servizos e Industria superan o 30% de uso de medios sociais.

#### G. 143. Uso dos medios sociais segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

O uso das medios sociais presenta grandes oscilacións en función do subsector de actividade, dende valores superiores ao 90% en aloxamento, información e comunicación, sector TIC ou contidos dixitais a outros que non chegan ao 50%.

#### G. 144. Uso dos medios sociais segundo o CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as e conexión a Internet)



Fonte: INE (2024). Nota: Non se presentan os valores desagregados segundo CNAE para microempresas por falta de representatividade estatística


### III.III.IV. Uso, intercambio, analítica y comercio de datos

As empresas do sector servizos e as do sector industrial son as que máis realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados, independentemente do seu tamaño.

As empresas de 10 ou máis empregados/as do sector servizos son, nas que en maior medida, un terceiro realiza a analítica de datos.

#### G. 145. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus propios empregados segundo actividade.


(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

#### G. 146. Empresas para as cales un terceiro realiza a analítica de datos segundo actividade.

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)

### C.9 Clase de datos dos que fan analítica: empresas con sede en Galicia e 10 ou máis traballadores/as por sectores

|                                                                                            | Sede Galicia e 10 ou máis traballadores/as |           |             |          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|-----------|-------------|----------|
|                                                                                            | Total                                      | Industria | Construción | Servizos |
| Analítica sobre datos de rexistros de transaccións                                         | 85,3%                                      | 86,8%     | 86,9%       | 84,1%    |
| Analítica sobre datos de clientes                                                          | 65,8%                                      | 66,2%     | 73,6%       | 63,5%    |
| Analítica sobre datos de redes sociais                                                     | 34,6%                                      | 35,0%     | 39,2%       | 33,1%    |
| Analítica en datos web                                                                     | 26,7%                                      | 20,2%     | 28,1%       | 29,8%    |
| Analítica sobre datos de ubicación a partir de uso de dispositivos portátiles ou vehículos | 25,6%                                      | 24,3%     | 28,9%       | 25,3%    |
| Analítica sobre datos de dispositivos intelixentes ou sensores                             | 23,2%                                      | 35,3%     | 7,7%        | 21,3%    |
| Analítica sobre datos abertos de autoridades gobernamentais                                | 22,6%                                      | 21,5%     | 37,0%       | 19,1%    |
| Analítica sobre datos de satélites                                                         | 16,9%                                      | 14,2%     | 22,4%       | 16,7%    |

Fonte: INE (2024)

### C.10 Clase de datos dos que fan analítica: empresas con actividade en Galicia e 10 ou máis traballadores/as por sectores

|                                                                                            | Actividade en Galicia e 10 ou máis traballadores/as |           |             |          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|-----------------------------------------------------|-----------|-------------|----------|
|                                                                                            | Total                                               | Industria | Construción | Servizos |
| Analítica sobre datos de rexistros de transaccións                                         | 88,7%                                               | 90,5%     | 91,6%       | 87,3%    |
| Analítica sobre datos de clientes                                                          | 69,7%                                               | 69,3%     | 73,3%       | 69,5%    |
| Analítica sobre datos de redes sociais                                                     | 38,2%                                               | 35,5%     | 48,2%       | 37,2%    |
| Analítica en datos web                                                                     | 30,2%                                               | 19,0%     | 39,8%       | 33,0%    |
| Analítica sobre datos de ubicación a partir de uso de dispositivos portátiles ou vehículos | 26,2%                                               | 27,4%     | 21,3%       | 26,2%    |
| Analítica sobre datos de dispositivos intelixentes ou sensores                             | 26,2%                                               | 37,3%     | 8,4%        | 25,0%    |
| Analítica sobre datos abertos de autoridades gobernamentais                                | 22,0%                                               | 22,5%     | 25,6%       | 21,3%    |
| Analítica sobre datos de satélites                                                         | 15,3%                                               | 15,7%     | 16,5%       | 14,3%    |

Fonte: INE (2024)

### C.11 Clase de datos dos que fan analítica: sede en Galicia e menos de 10 traballadores/as por sectores

|                                                                                            | Sede en Galicia e menos de 10 traballores/as |           |             |          |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|-----------|-------------|----------|
|                                                                                            | Total                                        | Industria | Construción | Servizos |
| Analítica sobre datos de rexistros de trasaccións                                          | 60,0%                                        | 17,0%     | 100,0%      | 59,9%    |
| Analítica sobre datos de clientes                                                          | 72,8%                                        | 34,0%     | 83,0%       | 76,1%    |
| Analítica sobre datos de redes sociais                                                     | 45,9%                                        | 0,0%      | 83,0%       | 46,6%    |
| Analítica en datos web                                                                     | 25,5%                                        | 0,0%      | 66,0%       | 23,3%    |
| Analítica sobre datos de ubicación a partir de uso de dispositivos portátiles ou vehículos | 34,8%                                        | 17,0%     | 83,0%       | 30,7%    |
| Analítica sobre datos de dispositivos intelixentes ou sensores                             | 11,1%                                        | 0,0%      | 66,0%       | 5,3%     |
| Analítica sobre datos abertos de autoridades guvernementais                                | 32,2%                                        | 0,0%      | 83,0%       | 29,5%    |
| Analítica sobre datos de satélites                                                         | 19,4%                                        | 0,0%      | 66,0%       | 15,8%    |

Fonte: INE (2024)


### III.III.V. Publicidade Dirixida

As empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as do sector Servizos e Construción son as que máis pagaron por anunciarse por Internet durante o último ano.

No caso das microempresas galegas, as dedicadas ao sector Servizos son as que máis pagos por anuncios a través de Internet realizaron no último ano (12,6%), situándose preto as da industria (11,5%) e moi por riba da porcentaxe de empresas da Construción (3,1%).

#### G. 147. Empresas que pagan por anunciarse en Internet segundo a actividade.

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

Das empresas que utilizan publicidade por internet, o uso de métodos de publicidade dirixida é dispar por ramas de actividade e tamaño de empresa.

#### G. 148. Empresas que pagan por anunciarse na internet usando métodos de publicidade dirixida segundo a actividade.

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

### III.III.VI. Comercio electrónico

As empresas galegas de 10 ou máis traballadores/as teñen valores moi similares por sectores na incidencia das compras de comercio electrónico, arredor do 35%

No caso das microempresas galegas, son as dedicadas ao sector Industria e Servizos, as que máis compras a través de Internet realizaron no último ano (28,4% e 21% respectivamente).


#### G. 149. Empresas que compraron a través de Internet no último ano segundo a actividade.



Fonte: INE (2024)

Unha de cada tres empresas de 10 ou máis empregados/as do sector Servizos realizou vendas a través de Internet. No caso das microempresas, destacan as empresas do sector Industrial (21,5%).

#### G. 150. Empresas que venderon a través de Internet no último ano segundo a actividade



Fonte: INE (2024)


## III.IV. Tecnoloxías disruptivas

### III.IV.I. Intelixencia Artificial (IA)

No uso da intelixencia artificial (IA) destacan as empresas galegas de máis de 10 empregados/as do sector Servizos e as da Industria, xa que obteñen valores case idénticos no seu uso.

#### G. 151. Empresas que empregan Intelixencia Artificial (IA) segundo a Actividade

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

### III. IV.II. Cloud Computing

As empresas galegas de 10 ou máis empregados inscritas no sector Servizos tamén son, novamente, as que, en maior medida, compraron solucións relacionadas co Cloud Computing durante o último ano, superando o 35%.

#### G.152. Compra de Servizos Cloud Computing segundo a Actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

Entre as empresas galegas de máis de 10 traballadores, o 85% das do Sector TIC compraron solucións Cloud computing durante o último ano.

#### G.153. Compra de servizos de Cloud Computing segundo CNAE

(% sobre o total de empresas con sede en Galicia de 10 ou máis traballadores/as con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## III.V. Ciberseguridade

O uso de medidas de seguridade TIC entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as de todos os sectores son case idénticas no último ano. No caso das microempresas, son as do sector Servizos e Industria as que máis frecuentemente empregaron medidas de seguridade no 2024.

### G.154. Empresas con medidas de seguridade TIC segundo a actividade

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)



Fonte: INE (2024)



## IV. ANÁLISE POR PROVINCIAS

As empresas de 10 ou máis empregados/as da provincia da Coruña e as microempresas da provincia de Pontevedra destacan polo uso da Intelixencia Artificial

No uso de servizos relacionados con Cloud Computing destacan as empresas das provincias da Coruña e Pontevedra: con, respectivamente un 36,1% das empresas galegas con 10 ou máis empregados/as e un 8,6% das microempresas contrataron este tipo de servizos.

## IV. Análise por provincias


Este capítulo céntrase na análise dos indicadores de uso das tecnoloxías da información e as comunicacións nas empresas galegas dende a perspectiva provincial. Por tanto exclúense ás empresas con actividade en Galicia pero sede fóra, que eran incluídas no resto de datos do informe.

### IV.I Equipamento e Conectividade

#### IV.I.I. Uso de Ordenadores

Entre as empresas de 10 ou máis traballadores/as e tamén entre as microempresas en xeral as diferenzas na dispoñibilidade de ordenadores segundo a provincia son pequenas, pero nas microempresas de Ourense, só no 72,3% hai ordenadores.

**G.155. Empresas que dispoñen de ordenadores segundo a provincia**




Fonte: INE (2024)

#### IV.I.II. Conectividade

A práctica totalidade das grandes empresas de Galicia teñen contratado Internet. Con respecto ás microempresas, o 88,8% das que teñen sede na provincia de Pontevedra dispoñen de conexión a Internet en 2024. Pola contra, as microempresas con sede en Ourense son as que rexistran a menor porcentaxe de contratación de Internet (68,4%), tamén na cola nas grandes empresas.

**G.156. Empresas que dispoñen de conexión a internet segundo a provincia**




Fonte: INE (2024)

### IV.I.III. Software Libre

No 2024, se ben no existen diferencias significativas entre as empresas segundo a provincia destaca a utilización dalgunha tipoloxía de software de código aberto nas grandes empresas con sede na provincia da Coruña (88,7%), se ben entre as pequenas lidera Pontevedra (69,3%).

#### G.157. Empresas que utilizan algunha tipoloxía de software de código aberto segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

### IV.I.IV. Acceso Remoto

A Coruña e Pontevedra aparecen como as provincias onde hai maior proporción de empresas que levan a cabo reunións remotas a través de Internet independentemente do tamaño da empresa, superando o 60% das grandes e o 21% das pequenas.

#### G.158. Empresas que fan reunións remotas

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## IV.II. Talento Dixital: especialistas e perfís TIC nas empresas

A contratación de especialistas TIC presenta pequenas variacións segundo a localización da empresa. No caso das empresas con 10 ou máis traballadores/as, a provincia de Lugo destaca cunha porcentaxe máis elevada (15,9%). Pola súa parte, entre as microempresas, é na provincia de Pontevedra onde se rexistra a maior contratación de especialistas TIC (1,6%).

### G.159. Empresas que empregan especialistas TIC segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

Con respecto ás actividades formativas dirixidas aos empregados/as, nas provincias da Lugo e Ourense é onde maior porcentaxe de empresas de 10 ou máis asalariados/as proporcionaron actividades formativas TIC (máis do 20%). Na provincia de Lugo e Pontevedra rexístrase a maior porcentaxe de microempresas que realizaron algún tipo de acción formativa ao seu persoal relacionada coas TIC (4,2% e 3,7% respectivamente).

### G.160. Actividades formativas TIC aos seus empregados segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)



Fonte: INE (2024)


## IV.III. Dixitalización da organización e xestión das empresas

### IV.III.I. Servizos web

A dispoñibilidade de páxina web segundo o ámbito xeográfico segue a mesma tendencia independentemente do tamaño da empresa. Entre as empresas con 10 ou máis empregados/as con sede en Galicia, destacan as situadas nas provincias da Coruña (80,9%) e Pontevedra (73,8%), mentres que nas demais provincias a porcentaxe non supera o 70%. No caso das microempresas, sobresaen tamén as de Pontevedra cun 35,8% e as da Coruña cun 30,9%; nas demais provincias, a dispoñibilidade non alcanza o 25%.

#### G.161. Dispoñibilidade de Páxina Web segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## IV.III.II. Teletraballo

Nas empresas de 10 ou máis traballadores/as o teletraballo está máis estendido na provincia da Coruña (38,9%). Nas empresas pontevedresas e coruñesas de 0 a 9 empregados/as, séguese utilizando a opción de teletraballar en máis do 13% pero no resto de provincias non chega ao 10%.

### G.162. Empresas que permiten o teletraballo segundo a provincia

(% sobre o total de empresas)




Fonte: INE (2024)

### IV.III.III. Medios Sociais

O uso de medios sociais con fins empresariais está estendido nas empresas de 10 ou máis traballadores/as, superando o 45% en todas as provincias, máis do 60% na Coruña e Lugo. No caso das microempresas superan o 33% en Ourense, Pontevedra e Lugo.

#### G.163. Uso das Medios Sociais segundo a provincia

(% sobre o total de empresas con conexión a Internet)




Fonte: INE (2024)

## IV.III.IV. Uso, intercambio, analítica e comercio de datos


As empresas de 10 ou máis empregados/as con sede na provincia de Ourense son as que máis analizan os seus datos, xa sexa por parte dos seus empregados ou por un terceiro. Nas microempresas destacan sobre o resto as de A Coruña e Pontevedra, onde se acada o 7%, quedando en menos do 5% as restantes.

### G.164. Empresas que realizan analítica de datos por parte dos seus empregados segundo a provincia



Fonte: INE (2024)

### G.165. Empresas para las cales un terceiro realiza o análise de datos segundo a provincia



Fonte: INE (2024)

## C.12 Clase de datos dos que fan analítica: empresas con sede en Galicia e 10 ou máis traballadores/as por provincias

|                                                                                            | Sede Galicia e 10 ou máis traballadores/as |          |       |         |            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|--------------------------------------------|----------|-------|---------|------------|
|                                                                                            | Total                                      | A Coruña | Lugo  | Ourense | Pontevedra |
| Analítica sobre datos de rexistros de trasaccións                                          | 85,3%                                      | 88,1%    | 90,4% | 68,5%   | 85,1%      |
| Analítica sobre datos de clientes                                                          | 65,8%                                      | 65,6%    | 89,8% | 73,4%   | 55,0%      |
| Analítica sobre datos de redes sociais                                                     | 34,6%                                      | 35,0%    | 42,4% | 42,2%   | 26,3%      |
| Analítica en datos web                                                                     | 26,7%                                      | 24,4%    | 41,0% | 12,5%   | 25,3%      |
| Analítica sobre datos de ubicación a partir de uso de dispositivos portátiles ou vehículos | 25,6%                                      | 24,3%    | 35,4% | 32,9%   | 27,0%      |
| Analítica sobre datos de dispositivos intelixentes ou sensores                             | 23,2%                                      | 25,6%    | 18,7% | 37,7%   | 20,8%      |
| Analítica sobre datos abertos de autoridades gubernamentais                                | 22,6%                                      | 20,0%    | 35,5% | 22,4%   | 20,9%      |
| Analítica sobre datos de satélites                                                         | 16,9%                                      | 14,7%    | 25,9% | 19,1%   | 16,4%      |

Fonte: INE (2024)

## C.13 Clase de datos dos que fan analítica: empresas con sede en Galicia e menos de 10 traballadores/as por provincias

|                                                                                            | Sede en Galicia e menos de 10 traballores/as |           |             |          |            |
|--------------------------------------------------------------------------------------------|----------------------------------------------|-----------|-------------|----------|------------|
|                                                                                            | Total                                        | Industria | Construción | Servizos | Pontevedra |
| Analítica sobre datos de rexistros de trasaccións                                          | 60,0%                                        | 50,0%     | 0,0%        | 100,0%   | 73,8%      |
| Analítica sobre datos de clientes                                                          | 72,8%                                        | 55,1%     | 24,4%       | 100,0%   | 94,3%      |
